



Teaching Guide

Identifying Data					2021/22
Subject (*)	Lingua Galega 2	Code	613G03014		
Study programme	Grao en Inglés: Estudos Lingüísticos e Literarios				
Descriptors					
Cycle	Period	Year	Type	Credits	
Graduate	1st four-month period	Second	Obligatory	6	
Language	Galician				
Teaching method	Face-to-face				
Prerequisites					
Department	Letras				
Coordinador	López Viñas, Xoán	E-mail	xoan.lopezv@udc.es		
Lecturers	López Viñas, Xoán Samartin López-Iglesias, Roberto	E-mail	xoan.lopezv@udc.es roberto.samartin@udc.es		
Web					
General description	Normative study of Galician language				
Contingency plan	1. Modifications to the contents 2. Methodologies *Teaching methodologies that are maintained *Teaching methodologies that are modified 3. Mechanisms for personalized attention to students 4. Modifications in the evaluation *Evaluation observations: 5. Modifications to the bibliography or webgraphy				

Study programme competences / results

Code	Study programme competences / results
A2	Saber analizar e comentar textos e discursos literarios e non literarios utilizando apropiadamente as técnicas de análise textual.
A4	Ter un dominio instrumental avanzado oral e escrito da lingua galega.
A9	Elaborar textos orais e escritos de diferente tipo en lingua galega, española e inglesa.
A10	Ter capacidade para avaliar criticamente o estilo dun texto e para formular propostas alternativas e correccións.
A11	Ter capacidade para avaliar, analizar e sintetizar criticamente información especializada.
A14	Ser capaz para identificar problemas e temas de investigación no ámbito dos estudos lingüísticos e literarios e interrelacionar os distintos aspectos destes estudos.
A15	Ser capaz de aplicar os coñecementos lingüísticos e literarios á práctica.
A17	Coñecer a historia e a cultura das comunidades anglófonas.
A18	Dominar a gramática da lingua inglesa.
A19	Coñecer a situación sociolingüística da lingua inglesa.
A20	Coñecer a variación lingüística da lingua inglesa.
B1	Utilizar os recursos bibliográficos, as bases de datos e as ferramentas de busca de información.
B3	Adquirir capacidade de autoformación.
B4	Ser capaz de comunicarse de maneira efectiva en calquera contorno.
B5	Relacionar os coñecementos cos doutras áreas e disciplinas.



B6	Ter capacidade de organizar o traballo, planificar e xestionar o tempo e resolver problemas de forma efectiva.
B7	Ter capacidade de análise e síntese, de valorar criticamente o coñecemento e de exercer o pensamento crítico.
B8	Apreciar a diversidade.
B9	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.
B10	Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán/a e profesional.
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben afrontarse.

Learning outcomes			
Learning outcomes	Study programme competences / results		
Ser capaz de identificar problemas e temas de investigación no ámbito dos estudos lingüísticos e interrelacionar os distintos aspectos destes estudos.	A14		
Ser capaz de elaborar textos orais e escritos de diferente tipo en lingua galega	A9		
Demostrar capacidade para avaliar criticamente o estilo dun texto e para formular propostas alternativas e correccións	A10		
Atinxir un dominio instrumental avanzado oral e escrito da lingua galega	A4		
Conseguir avaliar, analizar e sintetizar criticamente información especializada	A11		
Ser capaz de aplicar os coñecementos lingüísticos á práctica	A15		
Demostrar coñecemento da situación sociolingüística da lingua galega	A19		
Ser capaz de explicar a variación lingüística da lingua galega	A20		
Coñecer a historia e a cultura da comunidade galega	A17	B5	
Ser capaz de utilizar os recursos bibliográficos, as bases de datos e as ferramentas de busca de información		B1	
Adquirir capacidade de autoformación		B3	
Ser capaz de comunicarse de maneira efectiva en calquera contorno		B4	
Relacionar os coñecementos cos doutras áreas e disciplinas		B5	
Ter capacidade de organizar o traballo, planificar e xestionar o tempo e resolver problemas de forma efectiva		B6	
Ter capacidade de análise e síntese, de valorar criticamente o coñecemento e de exercer o pensamento crítico		B7	
Demostrar que é capaz de se expresar correctamente, tanto de forma oral coma escrita, en galego.	A18		C1
Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben afrontarse		B9	C6
Ser consciente da utilidade e necesidade da diversidade, atuando eticamente perante ela, con parámetros de xustiza e igualdade		B8 B10	
Saber analizar e comentar textos literarios e non literarios utilizando técnicas de análise textual	A2		
Coñecer resultados de investigación e colocalos en relación co desenvolvemento tecnolóxico e avance socioeconómico e cultural da sociedade		B9	

Contents	
Topic	Sub-topic
1. Norma e calidade lingüística: caracterización do modelo culto da lingua no século XXI	1.1. A norma, a variación lingüística e a calidade lingüística 1.2. Aspectos ortográficos, ortolóxicos e fónicos 1.3. Aspectos morfosintácticos 1.4. Aspectos léxico-semánticos 1.5. Aspectos pragmáticos
2. A variación lingüística: usos e norma	2.1. Variación dependente do/a usuario/a: idade e xénero 2.2. Variación dependente do uso: estilo, contexto e rexistro 2.3. Lingua oral e lingua escrita. A lingua literaria como modelo



3. A planificación do status da lingua galega	3.1. A planificación lingüística e a planificación da lingua galega 3.2. O encadramento legal do galego: evolución histórica e situación actual 3.3. Ámbitos e usos lingüísticos
4. A planificación do corpus da lingua galega	4.1. O proceso de estandarización do galego. Grupos, institucións e criterios normativos
5. As modalidades do galego	5.1. A lingua da Galiza e outros modelos do sistema lingüístico galego-portugués 5.2. Galego, portugués, brasileiro. Análise contrastiva 5.3. A variación lingüística na Galiza e na Lusofonía/Galeguía

Planning				
Methodologies / tests	Competencies / Results	Teaching hours (in-person & virtual)	Student's personal work hours	Total hours
Mixed objective/subjective test	A2 A4 A9 A10 A11 A15 A17 A18 A19 A20 B4 B6 B7 C1	0	10	10
Supervised projects	A2 A4 A9 A10 A11 A15 B1 B3 B5 B6 B7 B8 B9 C1	2	30	32
Guest lecture / keynote speech	A4 A11 A14 A18 B3 B5 B7 B8 B9 B10 C6	21	10	31
Workbook	A2 A10 A11 A14 B1 B3 B5 B7 C6	0	12	12
Workshop	A2 A4 A9 A10 A11 A14 A18 A19 A20 B3 B4 B5 B6 B7 B10 C1	15	15	30
Oral presentation	A2 A4 A9 A10 A11 A15 B1 B3 B4 B6 B7 B10 C1	2	6	8
Problem solving	A2 A4 A9 A10 A11 A15 A18 B1 B3 B5 B6 B7 B8 B10 C1	2	24	26
Personalized attention		1	0	1

(*)The information in the planning table is for guidance only and does not take into account the heterogeneity of the students.

Methodologies	
Methodologies	Description
Mixed objective/subjective test	Proba escrita de avaliación que combinará actividades de carácter teórico-práctico en que se demostrarán os contidos e as competencias adquiridas na materia.
Supervised projects	Realización por parte do alumnado dun traballo baixo a tutela do profesorado da materia para consolidar os coñecementos teórico-prácticos e para fomentar a aprendizaxe autónoma e colaborativa. As indicacións para a realización e entrega do traballo tutelado daranse no inicio do curso e estarán penduradas en Moodle.
Guest lecture / keynote speech	Presentación, desenvolvemento e análise de contidos teóricos e procedementais fundamentais para o alumnado atinxir as competencias e destrezas previstas na materia.
Workbook	Realización da lectura de artigos puntuais sobre aspectos concretos do temario.



Workshop	Nas sesións de docencia interactiva (grupo intermedio) e nas titorías de grupo reducido, co apoio do profesorado da materia, realizaranse diversas actividades prácticas, en que se inclúen exercicios escritos, solucións de problemas, probas de discriminación, discusións dirixidas, probas de completar, corrección de textos, aplicación de normas, análise de fontes documentais, prácticas a través de TIC, traballo en grupo e aprendizaxe colaborativa. Alén destas actividades prácticas, destinadas á consolidación dos contidos presentados na "Sesión maxistral", no "Obradoiro" daranse as pautas para poder elaborar as prácticas de entrega englobadas nas metodoloxías denominadas "Solucións de problemas", "Traballo tutelado" e "Presentación oral".
Oral presentation	Nas últimas semanas do cuadrimestre, o alumnado terá que realizar unha proba oral a partir das instrucións facilitadas previamente polo profesorado da materia.
Problem solving	Como complemento á "Sesión maxistral" e ao "Obradoiro", o alumnado deberá realizar unha serie de ACTIVIDADES PRÁCTICAS non presenciais de aplicación dos contidos teóricos á práctica. As instrucións para a realización e entrega do traballo tutelado daranse no inicio do curso e estarán penduradas en Moodle.

Personalized attention

Methodologies	Description
Problem solving Workshop Oral presentation Supervised projects	<p>Ao lado do labor de acompañamento realizado no horario de atendimento marcado polo profesorado responsábel da materia, a atención personalizada estará dirixida especialmente -que non unicamente- para o apoio na realización do "Traballo tutelado". De maneira xeral, cada alumno/a asistirá polo menos a unha sesión de atendimento previa á exposición do traballo.</p> <p>Así mesmo, para a realización das actividades previstas e a fin de obter unha orientación adecuada, é fundamental que o alumnado comunique de maneira fluída e frecuente tanto os seus progresos como as súas eventuais dificultades. Alén diso, cada estudante poderá realizar toda clase de consultas en relación ao desenvolvemento do traballo, ben no horario de atendimento ben a través do correo electrónico.</p> <p>Esta atención personalizada tamén está contemplada para o alumnado a tempo parcial e con dispensa académica recoñecida, así como para o estudantado matriculado para se examinar na oportunidade adiantada de decembro.</p>

Assessment

Methodologies	Competencies / Results	Description	Qualification
Problem solving	A2 A4 A9 A10 A11 A15 A18 B1 B3 B5 B6 B7 B8 B10 C1	Será avaliada a correcta aplicación dos contidos teóricos á práctica e mais a corrección na análise e na expresión escrita, a capacidade analítica e crítica, así como a adecuación aos obxectivos formulados polo profesorado para cada actividade destas características.	25
Oral presentation	A2 A4 A9 A10 A11 A15 B1 B3 B4 B6 B7 B10 C1	Será avaliada a calidade lingüística, o dominio do contido, a organización e a secuencia expositiva, a clareza e precisión na exposición, a interacción co auditorio, o uso do tempo dispoñíbel, a utilización dos recursos tecnolóxicos, o traballo en equipo e a utilidade da presentación para os propósitos da materia.	10
Supervised projects	A2 A4 A9 A10 A11 A15 B1 B3 B5 B6 B7 B8 B9 C1	Serán avaliadas a corrección lingüística, as estratexias e procedementos expositivos utilizados, os contidos focados e os resultados do proceso ensino-aprendizaxe canto á consecución dos obxectivos procurados co "Traballo Tutelado".	25
Mixed objective/subjective test	A2 A4 A9 A10 A11 A15 A17 A18 A19 A20 B4 B6 B7 C1	Serán avaliadas a corrección lingüística e expositiva, así como a adecuación entre o exposto na proba mixta e os contidos presentados e estudados nas sesións maxistrais e no obradoiro.	40

Assessment comments



1. OBSERVACIÓNS XERAIS DE AVALIACIÓN

1.1. Para superar a materia, o alumnado deberá atinxir unha cualificación igual ou superior a 5 puntos sobre 10. Igualmente, na proba mixta deberá obter 5 puntos sobre 10 para poder sumar os restantes elementos avaliábeis.

1.2. Todas as actividades deberán ser entregadas de acordo cos prazos e os procedementos fixados no cronograma que o profesorado fornecerá ao alumnado no inicio das sesións e que pendurará en Moodle. As actividades entregadas fóra do prazo marcado ou que non cumpran coas pautas indicadas non serán obxecto de avaliación.

1.3. Todas as actividades ou probas deberán cumprir unhas exigencias mínimas de corrección lingüística (ortografía, puntuación, concordancia sintáctica, ausencia de reiteracións, precisión léxica, rexistro formal?); no caso de deficiencias lingüístico-expresivas, estas poderán ser penalizadas na cualificación, segundo o documento "Exigencias mínimas de corrección lingüística" (aprobado pola Sección de Galego-Portugués o día 06/07/2018 e pendurado en Moodle).

1.4. Se houber criterios específicos de avaliación para algunha das tarefas propostas, estes serán oportunamente disponibilizados polo profesor responsábel da materia en formato "rúbrica" na sala de aulas e/ou a través de Moodle. O/a docente proporcionará, igualmente, as oportunas instrucións para o correcto desenvolvemento de cada unha das actividades previstas.

1.5. Os traballos presentados polo alumnado poderán ser incorporados a unha ferramenta informática para a detección do plaxio e de traballos previamente presentados nesta ou noutras universidades, incluso polo mesmo/a alumno/a. En caso de que se produza algunha destas circunstancias, poderán ser aplicadas as medidas contempladas nas "Normas de avaliación, revisión e reclamación das cualificacións dos estudos de grao e mestrado universitario" da Universidade da Coruña (artigo 14).

2. AVALIACIÓN DA 2.^a OPORTUNIDADE (xullo)

2.1. Na 2.^a oportunidade, o alumnado será avaliado cos mesmos criterios e coas mesmas porcentaxes que na oportunidade anterior.

2.2. As persoas que non superaren a materia de acordo coa avaliación continuada deberán concorrer á 2.^a oportunidade (xullo). Para superaren a materia nesta oportunidade, os/as alumnos/as deberán aprobar (con 5 puntos sobre 10) aquelas probas (orais e/ou escritas) marcadas polo profesorado responsábel da materia e que serán realizadas na data fixada pola Facultade de Filoloxía. Igualmente, poderán ser recuperadas todas aquelas tarefas non superadas ou non presentadas na oportunidade anterior.

3. AVALIACIÓN DA OPORTUNIDADE ADIANTADA DE DECEMBRO

3.1. O alumnado que se presentar á convocatoria adiantada de decembro terá que contactar previamente co profesorado da materia e, para superala, deberá realizar unha "Proba mixta" (5 puntos), unha "Presentación oral" (2 puntos) e un "Traballo tutelado" (3 puntos).

4. CUALIFICACIÓN DE NON PRESENTADO (NP)

4.1. Será considerado Non Presentado aquel alumnado que non se presentar á "Proba mixta" e que non presentar ningunha das actividades contempladas na avaliación.

5. ALUMNADO A TEMPO PARCIAL E CON DISPENSA ACADÉMICA

5.1. O estudantado matriculado a tempo parcial e con dispensa académica de exención de asistencia concedida entregará as actividades obrigatorias nunha data concertada previamente co profesorado. Este alumnado deberá realizar e entregar as mesmas probas e exercicios que o restante e, se non puiden asistir ao atendimento, deberá pórse en contacto co profesor a través do correo electrónico.

6. ALUMNADO DE SEGUNDA MATRÍCULA

6.1. O alumnado de segunda matrícula que non poida asistir ás aulas deberá contactar co profesorado da materia.



Basic	<ul style="list-style-type: none">- Rodrigues Fagim, V. (2001). O galego (im)posíbel. Santiago de Compostela. Laiovento- Álvarez de la Granja, M. / González Seoane, E. X. (eds.) (2003) (2003). A estandarización do léxico. Santiago de Compostela. Instituto da Lingua Galega e Consello da Cultura Galega- Cassany, D. (2008). La cocina de la escritura. Barcelona. Anagrama- Estrela, E. / J. D. Pinto-Correia (2001). Guia Essencial da Língua Portuguesa para a Comunicação Social. Lisboa. Editorial Notícias- Estrela, E. / M. A. Soares / M. J. Leitão (2004). Saber Escrever Saber Falar. Lisboa. Dom Quixote- Feixó Cid, Xosé (2004). Gramática da lingua galega. Vigo. Xerais- Freixeiro Mato, X. R. (2006). Manual de gramática galega. Vigo. A Nosa Terra- Freixeiro Mato, X. R. (2009). Lingua de calidade. Vigo. Xerais- García Cancela, X. / C. L. Díaz Abreira (1994). Manual de linguaxe administrativa. Santiago de Compostela. Escola Galega de Administración Pública / Xunta de Galicia- García Negro, M. P. (ed.) (2009). Sobre o racismo lingüístico. Santiago de Compostela. Laiovento- Hermida Gulías, Carne (2004). Gramática práctica (Morfosintaxe) . Santiago de Compostela: Sotelo Blanco- Hernández Guerrero, J. A. / M. C. García Tejera (2004). El arte de hablar. Manuel de Retórica Práctica y de Oratoria Moderna. Barcelona. Ariel- Koch, I. G. V. (2005). Desvendando os segredos do texto. São Paulo: Cortez, 4ª ed.- López Viñas, X. / Lourenzo Modia, C. / Moreda Leirada, M. (2010). Gramática práctica da lingua galega. Comunicación e expresión. A Coruña: Bahía- Monteagudo, H. (ed.) (1995). Estudos de sociolingüística galega. Sobre a norma do galego culto. Vigo: Galaxia- Ríos Noia, M. / M. L. Pita Rubido / R. J. Nogueira Gómez / B. Brozos Mera (2007). Manual de documentos administrativos. A Coruña. Servizo de Normalización Lingüística / Servizo de Publicacións, Universidade da Coruña- Sanmartín Rei, G. (coord.) (2007). Criterios para o uso da lingua . A Coruña. SNL da Universidade, 2ª ed.- Sanmartín Rei, G. (coord.) (2007). Sobre a calidade da nosa lingua. A Coruña. SNL da Universidade, 2ª ed.- Sanmartín Rei, G. (2008). Nos camiños do entusiasmo. Calidade da lingua e planificación. Vigo. Xerais- Vilela, M. / I. Villaça Koch (2001). Gramática da Língua Portuguesa . Coimbra: Livraria Almedina- Sánchez Rei, X. M. / Marques, A. (2016). As ciéncias da linguagem no espaço galego-português: diversidade e convergência. A Coruña, Área de Filoloxías Galega e Portuguesa- González Rei, B. (2004). Ortografía da lingua galega. A Coruña: Galinova- Sánchez Rei, X. M. (ed.) (2014). Modelos de lingua e compromiso. A Coruña: Baía Edicións- RAG / ILG (2012). Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego. A Coruña: RAG- Comissom Lingüística da Associação Galega da Língua (2012). O modelo lexical galego. Santiago de Compostela: Através Editora- Regueira, X. L. (2010). Dicionario de pronuncia da lingua galega. A Coruña: Real Academia Galega- Monteagudo Romero, H. (2017). Historia social da lingua galega. Vigo: Galaxia- Freixeiro Mato, X. R. (2013). Estilística da lingua galega. Vigo: Xerais <p>
</p>
--------------	---



Complementary	<p>- Calsamiglia Blancafort, H. / A. Tusón Valls (1999). Las cosas del decir: manual de análisis del discurso. Barcelona: Ariel</p> <p>- Fernández Rei, E. / X. L. Regueira (eds.) (2008). Perspectivas sobre a oralidade. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega</p> <p>- Flesch, R. / A. H. Lass (1996). The Classic Guide to Better Writing. New York: Harper Resource</p> <p>- Garrido, C. (2001). Aspectos Teóricos e Práticos da Tradução Científico-Técnica (Inglês&gt;Galego). Ourense: Associação Galega da Língua</p> <p>- Kerbrat-Orecchioni, C. (2006). Análise da conversação. Princípios e métodos. São Paulo: Parábola</p> <p>- Marcuschi, L. A. (2000). Da fala para a escrita. São Paulo: Cortez</p> <p>- Marcuschi, L. A. (2001 [1986]). Análise da conversação. São Paulo: Ática</p> <p>- Plantin, Ch. (1998). La argumentación. Barcelona: Ariel</p> <p>- Reyes, G. (1998). Cómo escribir bien en español. Manual de redacción. Madrid: Arco Libros</p> <p>- Sánchez Rei, X. M. (2006). A lingua galega no cancionero de Pérez Ballesteros. Santiago de Compostela: Liovento</p> <p>- Serrano Serrano, J. (2002). Guía práctica de redacción. Madrid: Anaya</p> <p>- Studer, Jürg (2000 [1996]). Oratoria. El arte de hablar, disertar, convencer. Madrid: El Drac</p> <p>- Vallejo-Nágera, J. A. (1990). Aprender a hablar en público hoy. Barcelona: Planeta</p> <p>- Weston, Anthony (2004). Las claves de la argumentación. Barcelona: Ariel, 9ª ed</p> <p>- Zinsser, W. (2005). On Writing Well. The Classic Guide to Writing Non-fiction. New York: Collins</p> <p>Entregarase unha bibliografía complementaria e específica por temas. Adam, J. M. (1992): Lestextes: Types et prototypes (Paris: Nathan). Bordons, G. / J. M. Castellà / E. Costa (1998): TTXLalingüística textual aplicada al comentari de textos (Barcelona: Universitat de Barcelona). Calsamiglia Blancafort, H. / A. Tusón Valls (1999): Las cosas del decir: manual de análisis del discurso (= Ariel Lingüística) (Barcelona: Ariel). Fernández Rei, E. / X. L. Regueira (eds.) (2008): Perspectivas sobre a oralidade (Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega). Flesch, R. / A. H. Lass (1996): The Classic Guide to Better Writing (New York: Harper Resource). Freixeiro Mato, X. R. (2006) [2003]: Gramática da lingua galega IV. Gramática do texto (Vigo: A Nosa Terra). Fuentes Rodríguez, C. / E. R. Alcaide Lara (2002): Mecanismos lingüísticos de la persuasión: cómo convencer con palabras (= Bibliotheca Philologica) (Madrid: Arco Libros). Fuentes Rodríguez, C. / E. R. Alcaide Lara (2007): La argumentación lingüística y sus medios de expresión (Madrid: Arco Libros). Garrido, C. (2001): Aspectos Teóricos e Práticos da Tradução Científico-Técnica (Inglês>Galego) (Ourense: Associação Galega da Língua). Kerbrat-Orecchioni, C. (2006): Análise da conversação. Princípios e métodos. Trad. C. Piovezani Filho (São Paulo: Parábola). Koch, I. G. V. (1992): A interação pela linguagem (São Paulo: Contexto). Koch, I. G. V. (1997): O texto e a construção dos sentidos (São Paulo: Contexto). Koch, I. G. V. (2004): Introdução à lingüística textual (São Paulo: Martins Fonte). Koch, I. G. V., A. C. Bentes e M. M. Cavalcante (2007): Intertextualidade: Diálogos Possíveis (São Paulo: Cortez). Marcuschi, L. A. (1983): Lingüístico do texto: o que é e como se faz (Recife: Universidade Federal de Pernambuco). Marcuschi, L. A. (2000): Da fala para a escrita (São Paulo: Cortez). Marcuschi, L. A. (2001) [1986]: Análise da conversação (São Paulo: Ática). Moreira, I. (2007): Correspondência Comercial (Lisboa: Edições Técnicas e Profissionais). Plantin, Ch. (1998): La argumentación (Barcelona: Ariel). Reyes, G. (1998): Cómo escribir bien en español. Manual de redacción (Madrid: Arco Libros). Sánchez Rei, X. M. (2006): A lingua galega no cancionero de Pérez Ballesteros (Santiago de Compostela: Liovento). Santiago Guervós, J. de (2005): Princípios de comunicación persuasiva (Madrid: Arco Libros). Serrano Serrano, J. (2002): Guía práctica de redacción (Madrid: Anaya). Studer, Jürg (2000) [1996]: Oratoria. El arte de hablar, disertar, convencer (Madrid: El Drac). Vallejo-Nágera, J. A. (1990): Aprender a hablar en público hoy (Barcelona: Planeta). Weston, Anthony (2004). Las claves de la argumentación (Barcelona: Ariel, 9ª ed.). Zinsser, W. (2005): On Writing Well. The Classic Guide to Writing Non-fiction (New York: Collins).</p>
----------------------	---

Recommendations

Subjects that it is recommended to have taken before

Galician Language 1/613G01002

Subjects that are recommended to be taken simultaneously

Subjects that continue the syllabus



Other comments

(*)The teaching guide is the document in which the URV publishes the information about all its courses. It is a public document and cannot be modified. Only in exceptional cases can it be revised by the competent agent or duly revised so that it is in line with current legislation.